

## **PROTOCOLO DE ACTUACIÓN PARA DESINFECCIÓN FRONTE AO CORONAVIRUS (COVID-19) SEN CASOS CONFIRMADOS**

No caso de non terse confirmado a presenza de virus nas instalacións o que procede é unha actuación preventiva de desinfección por nebulización en frío, sistema polo que se proxecta produto desinfectante ao ambiente mediante un nebulizador, que xera partículas de aerosol de tamaño inferior a 1 micra, e consegue así chegar por difusión a todas as superficies e esquinas da zona tratada.

Corresponderalle ao equipo técnico establecer o programa de actuación.

Antes da desinfección, o persoal das instalacións deberá levar a cabo as seguintes medidas:

- Retirada de obxectos persoais (fotos, obxectos decorativos, etc.) en superficies de traballo, como mesas e estanterías
- Arquivar ou gardar os documentos en papel para evitar danos por humedecemento.
- Retirar calquera tipo de alimento, para evitar posibles contactos cos biocidas.
- Anular as alarmas contra incendios, xa que a nebulización pode activalas.
- Protexer con plásticos os equipos informáticos e eléctricos (computador, teclado, monitor, SAES, etc.).

Transcorridas 3 horas despois da finalización do traballo de desinfección que marcan o periodo de actuación do biocida máis o prazo de seguridade establecido na autorización de rexistro do biocida utilizado, ventilarase a zona tratada e permitirase o acceso aos servizos correspondentes para realizaren a limpeza establecida no seu programa de actuación.